



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A DECLARACIÓN DA SEÑORA PAULA PRADO DEL RÍO E O SEÑOR MIGUEL ÁNGEL TELLADO FILGUEIRA, PERSONAS NON GRATAS NA PROVINCIA DE OURENSE**

O día 25 de xuño de 2022, a provincia de Ourense viviu un desprezo nunca antes visto por parte duns representantes públicos. Varios cargos políticos do Partido Popular viñeron en tren ata á capital ourensá desde diversos puntos da comunidade, achegáronse á porta principal da estación Empalme para proclamar que Ourense non é Galicia e, sen inmutarse, deron a volta e marcharon ás súas respectivas localidades de orixe.

Concretamente, Paula Prado del Río –deputada autonómica e viceportavoz do PP no Parlamento de Galicia, así como Secretaria Xeral do PP de Galicia– e Miguel Ángel Tellado Filgueira –senador por designación autonómica e Vicesecretario Xeral de Organización do Partido Popular– afirmaron que “el AVE llegó a Ourense, pero no a Galicia”. Non só dixeron esa afronta e obvia mentira de viva voz, se non que tamén difundiron a mesma mensaxe nas redes sociais en reiteradas ocasións.

Pasados os días e pesar do importante malestar xerado por esas declaracións en boa parte da sociedade ourensá e mesmo dentro da súa propia formación política, ningún destes cargos do Partido Popular que participaron no acto da vergoña, pediron perdón ou escusaron a súa bochornosa actitude. Nin tan sequera borraron das súas redes sociais unha frase ofensiva para a meirande parte da sociedade social e política galega.

Os e as socialistas consideramos que Prado, Tellado e resto desa *comitiva do ultraxe a Ourense*, só viñeron a rirse de nós e a minusvalorar á veciñanza da nosa provincia. Desde o PSdeG-PSOE consideramos que calquera persoa pode equivocarse e rectificar pero, neste caso e lonxe desa autoemenda, boa parte do PP de fóra de Ourense presume do que pasou e incluso defende aos seus compañeiros e compañeiras, que rectificaron nin unha coma. Ao contrario, xa que Prado chegou a definir as protestas pola súa afronta como unha “polémica estéril”.

É incomprendible que Prado e Tellado usen Ourense como arma arroxadiza, vilipendiando sen inmutarse a unha das catro provincias de Galicia. Actitudes así son intolerables en representantes públicos que deben o máximo respecto, observación e educación á cidadanía. Palabras como esas non poden quedar no esquecemento, porque supoñen unha ofensa á nosa cidade e provincia.

Tampouco debemos pasar por alto a presenza dun deputado ourensán nesta comitiva da ultraxe. O popular, Celso Delgado, posou ledado xunto aos seus compañeiros e compañeiras de partido e, en ningún momento nin durante o acto nin posteriormente, afeou unhas palabras e unha actitude que menosprezan á provincia que el representa no Congreso.



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Este desprezo do Partido Popular non é primeiro a Ourense, pero si un dos máis graves que recordamos. Os cargos públicos como Paula Prado e Miguel Tellado, no seu día a día, ao igual que outros representantes da cidadanía, deben acollerse a principios básicos de conduta como o respecto; a deferencia; a tolerancia; a cortesía ou a consideración que requira cada situación. As faltas de respecto, as mofas, os desprezos, o ton despectivo ou os insultos non deben ter cabida na vida pública.

A pesar de que as declaracións de persoa *non grata* non teñen efecto legal no ámbito das entidades locais ou autonómicas –emanan da xurisdición e a normativa diplomática–, si cremos moi necesario que o pleno da Deputación Provincial, como máximo órgano de representación da provincia, amose o seu rexeitamento político a unhas palabras e unha actitude que, claramente, atenta contra os intereses, a boa imaxe e a historia de Ourense.

Esta Deputación, como institución propia de defensa da provincia e dos seus veciños e veciñas, non debe permitir –ou polo menos debe alertar e condenar– actitudes que desprezan a Ourense. Desde o PSdeG-PSOE sempre imos defender en todo momento o respecto, as boas formas e a cortesía, dentro e fóra das institucións con todas as persoas e todos os territorios.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a declarar *personas non gratas* en Ourense a Paula Prado del Río e a Miguel Ángel Tellado Filgueira, por desprezar á provincia ao non considerala parte de Galicia, tras asegurar, literalmente, que “o AVE chegou a Ourense pero non Galicia”, unha frase que ofendeu e agraviou a boa parte da sociedade ourensá, verbas que, ademais, se negaron a rectificar e polas que tampouco pediron perdón.
2. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a esixir a dona Paula Prado del Río a súa dimisión dos cargos de deputada e viceportavoz do PP no Parlamento de Galicia, así como de Secretaria Xeral do PP galego.
3. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a esixir a don Miguel Ángel Tellado Filgueira a súa dimisión dos cargos de senador por designación autonómica de Galicia e Vicesecretario Xeral de Organización do Partido Popular.

En Ourense, 15 de xullo de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**